

Pola Ética no Ensino

A prol de tecnoloxías e coñecementos libres

Introdución

O traballo das xentes que promoven o Software Libre (en adiante SwL) desempeña un papel crucial na preservación das liberdades esenciais no presente contorno, dixital, tanto no que lles atinxe aos valores éticos da compartición do coñecemento como na superación da “fenda dixital” grazas ao emprego de tecnoloxías libres coas que é posible eliminalas. Constitúe tamén unha oportunidade para a nosa independencia tecnolóxica e a nosa competitividade no mundo.

Difundir o SwL no ensino primario é impregnar valores éticos de incuestionable valía pois o SwL é un ben común, feito pola humanidade e para a humanidade. Ademais, elimínanse dependencias tecnolóxicas con empresas foráneas que, de comenzo no ensino primario, han perdurar ao longo da vida do noso alumnado nas seguintes etapas.

Valéndonos de aplicativos libres para educar, estamos a salientar a idea dun coñecemento compartido, dun gran traballo en equipo, da posibilidade de xerar auténtica riqueza. Formaremos así a cidadáns cooperativos máis ca competitivos, e estenderemos o concepto a outras esferas (social, política, sanitaria, etc...).

De feito vostede, Sr. presidente do Goberno de España, prometeu “**Impulsar la implantación de software libre de código aberto en el sistema educativo**” así como “**Impulsar un amplo programa para elaborar, recopilar y difundir materiales curriculares y de apoyo al profesorado en soporte informático y software libre**” no programa electoral do PSOE xa no ano 2004¹. Tal promesa electoral pódese atopar tamén nos demais partidos políticos. Moitos destes están a pór en cumprimento tales promesas con abundantes casos de éxito. Entre eles, cabe sinalar as comunidades autónomas de Extremadura e Andalucía (ambas gobernadas polo PSOE), Valencia (gobernada polo PP), os varios concellos e deputacións provinciais de todas as cores políticas ou gobernos de países.

Por diversos medios de comunicación sábese da plausible medida que procura a necesaria dixitalización do alumnado de ensino primario. Quen asinamos este documento

1 [Programa político do PSOE do ano 2004.](#)

entendemos que tal medida só é posible se con para iso se emprega exclusivamente SwL.

Ampliación

Se o sinalado nalgúns medios de comunicación consultados² están no certo, vostede, Sr. presidente, estará a piques de cometer unha serie de erros de gravísima índole:

- O ensino do futuro, a “*escola 2.0*” non se acada con solucións tecnolóxicas privativas que xeran dependencia tecnolóxica e foron creadas por empresas fórneas acreedoras de sentenzas firmes por múltiples causas en tribunais de todo o mundo, entre eles o da nosa Comunidade, a europea. Tal é o caso de Microsoft Corporation®.
- Apostar por software como o da empresa mencionada é privar de Ética o alumnado de Primaria e ignorar os valores que hai tras o SwL, xustamente baseado na Ética.
- Porén, a ignorancia non é eximente de culpa nun responsable político que conta con medios máis ca suficientes para dirixirnos. Ignorar o seu programa político³ e ao seu electorado, ao resto da cidadanía ou aos múltiples informes técnicos elaborados⁴ polos diversos organismos que vostede dirixe, déixano na situación de cómplice consciente, incumplidor, inconsecuente e sen o mínimo talante presumible para o seu cargo.
- É irrenunciable o estrito cumprimento da Lei 30/2007 de contratos do sector Público, a Lei 11/2007 de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos ou o artigo 103 da propia Constitución española que invalidan calquera presunto “*acordo*”⁵ previo con grupos empresariais.
- É irrenunciable ter en conta os dereitos básicos da cidadanía a unha educación de calidade e gratuíta durante o período obrigatorio e as posibilidades de desenvolvemento dun país con libre acceso ao coñecemento e a cultura. A cultura, Sr. presidente, moito antes que un sector económico, é un dereito lexítimo.
- É irrenunciable para quen asinamos este documento que vostede faga valer as cualidades do SwL. Entre elas salientamos:

2 Un dos cales pode ser este, do xornal El País titulado “[Zapatero se lanza a la digitalización del sistema educativo](#)”

3 [Programa político do PSOE do ano 2004](#).

4 O propio [Ministerio da Presidencia](#) así o sinala.

5 [Segundo o xornal El País](#) ““*si se cierra el acuerdo*” antes del 12 de mayo”

- O SwL é ético
- O SwL outorga liberdades⁶ a quen o usa
- O SwL fomenta a cooperación na busca do ben social
- É legal e fomenta a legalidade
- Está feito pola humanidade e para a humanidade
- Outorga total independencia tanto de fornecedor como de solución técnica
- Emprega formatos estándares abertos mundialmente recoñecidos
- Sen custe de licenzas
- Ofrece aforro económico
- É xerador de emprego endógeno de alta cualificación⁷
- É completamente adaptable, tanto en tecnoloxía como economía ou cultura⁸
- É completamente traducible ás linguas oficiais do Estado, tendo xa moitos máis programas traducidos que o privativo
- Evita a desigualdade social local e mundial
- É serio⁹, doado e humano
- É competitivo e seguro¹⁰
- Dispón de desenvolvemento exponencial por ser libre e participativo
- É independente da cor política¹¹
- A UE¹² e a UNESCO¹³, entroutras, recomendan o seu uso
- etc.

6 Saiba das catro liberdades que inclúe a [GPL](#), a licenza libre máis estendida.

7 [ASOLIF](#) é a federación de asociacións empresariais especializadas en SwL que aglutina máis de 150 empresas.

8 O SwL está adaptado ás diferentes culturas: traducido e enriquecido pola idiosincracia rexional.

9 O software atópase libre e legalmente dispoñible en centros tecnolóxicos, universidades, etc.

10 Arredor do 90% dos [500 maiores supercomputadores](#) e o propio exército norteamericano usan tecnoloxías libres

11 Gobiernos de todo o espectro político están a adoptalo: Alemaña, Francia, Reino Unido, Brasil, Venezuela...

12 Reflectido [IDABC work programme 2005-2009](#)

13 Até dispón dun [portal exclusivo adicado ao SwL](#)

Sr. presidente, quen asinamos este documento esiximos unha educación pública con tecnoloxías e coñecementos libres, e non con software privativo como apuntan estas informacións; nin sequera como opción é admisible o software privativo.

Por todo isto apelamos a que vostede mostre a valentía necesaria para anticiparse ao inevitable: a liberdade acabará impoñéndose.

Asinamos,

<http://istononvai.org/sinaturas>